



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 1/2023, DO DIA 26
DE XANEIRO DE 2023**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e vinte e vinte minutos do xoves día 26 de xaneiro de 2023, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 23 do mesmo mes, réunese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D^a. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Actas anteriores:

- Núm. 10/2022, do 27 de outubro de 2022.
- Núm. 11/2022, do 1 de decembro de 2022.
- Núm. 12/2022, do 14 de decembro de 2022.
- Núm. 13/2022, do 27 de decembro de 2022.

- 2. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 1/2023 por importe total de 3.739,40 €.**
- 3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de aprobación da actuación para a restauración do impacto ocasionado polo uso dun circuito de descenso de bicicletas de montaña (BTT/MTB) no MUP nº 563 “San Cibrán, Aradas e outros”, expte 17/2022.**
- 4. Proposta de aprobación da II addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a “implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de Administración electrónica”, expte 68/2020.**

II. PARTE DE CONTROL:

- 5. Resolucións da alcaldía – pedanía.**
- 6. Rogos e preguntas.**



Entidade Local Menor de Bembridge

Ábrese a sesión polo Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Actas anteriores:

- Núm. 10/2022, do 27 de outubro de 2022.
- Núm. 11/2022, do 1 de decembro de 2022.
- Núm. 12/2022, do 14 de decembro de 2022.
- Núm. 13/2022, do 27 de decembro de 2022.

Sometidos á consideración da Xunta Veciñal os borradores das actas das sesións citadas, distribuídas coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, decláranse aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 1/2023 por importe total de 3.739,40 €.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta do informe-proposta de Alcaldía de data vinte e tres de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido literal:

“En relación co expediente de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2023, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - Examinada a relación de xustificantes de gasto núm. 2023 1 que se recolle no listado que se adxunta, comprobouse que corresponde a obras, servizos e subministros realizados correctamente no exercicio anterior polo que procedería o recoñecemento da obrigaón económica dela derivada, así como o seu posterior pagamento en cumprimento do principio do non enriquecemento inxusto, tal e como se indica na memoria emitida pola Alcaldesa-Pedánea con data 23.01.2023.

As anteditas facturas non foron aprobadas nin imputadas ao orzamento do ano no que se executou o gasto por carecer de consignación orzamentaria.

Posto que se trata de bens subministrados e servizos prestados en exercicios anteriores, consonte a normativa reguladora da facenda local o mecanismo axeitado



Entidade Local Menor de Bembrive

para a súa aprobación e pagamento é a inclusión nun expte. de recoñecemento extraxudicial de créditos por conta das aplicacións orzamentarias do ano 2023.

SEGUNDO. – Que mediante providencia de Alcaldía-Pedanía de 23.01.2023 viuse a necesidade de aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

TERCEIRO. – Que con data 23 de Xaneiro de 2023 emitíuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 163, 169.3, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Por isto, visto o informe da secretaria-interventora incorporado no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. - Tomar conta das observacións feitas pola secretaria-interventora no seu informe de data 23 de Xaneiro de 2023, que consta incorporado ao expediente, e levantar os reparos correspondentes.

SEGUNDO. – Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2023 a efectuar ao abeiro do artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, para o abono das facturas que se integran na relación de xustificantes de gasto núm. 2023 01 e que se detallannos anexos que se incorporan á presente proposta, por un importe total de 3.739,40 euros, correspondentes ao exercicio 2022, tal e como se indica no seguinte cadro:

Facturas tramitadas no expte REC 1/2023		
Ano	Núm. Facturas	Importe total (€)
2022	15	3.739,40
TOTAL		3.739,40

*IVE incluído



Entidade Local Menor de Bembrive

TERCEIRO. - Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2023, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións presupostarias indicadas na columna do listado que se achega.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....
No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 23.01.2023, cuxas conclusións son as seguintes:

Primeira. – As prestacións amparadas nas facturas incluídas no presente expediente foron obxecto dunha contratación irregular, na medida en que foron adquiridas sen control previo por parte da Intervención desta Entidade e, polo tanto, sen contar con crédito orzamentario no momento de realizar o encargo da prestación correspondente e con unha ausencia total do procedemento, o que supón, conforme ao disposto na normativa sobre contratación, a nulidade absoluta ou de pleno dereito da relación comercial entre a Entidade Local Menor de Bembrive e as persoas ou entidades prestadoras dos servizos de referencia, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse das citadas actuacións.

Como consecuencia de todo o anterior, procede fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo aos gastos incluídos na relación de facturas 2023/01 para o recoñecemento extraxudicial núm. 1/2023, conforme ao disposto nos artigos 216.2 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por insuficiencia de crédito e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais, que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39, apartados 1 e 2, da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015 (LPACAP), por carecer de crédito orzamentario e prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, como consecuencia de non haber tramitado o correspondente procedemento previsto na LCSP 9/2017 que se esixe para a tramitación administrativa que exceda dos importes e requisitos do contrato menor para garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

O citado reparo ten carácter suspensivo e deberá ser resolto pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive con carácter previo a aprobación das citadas facturas, de acordo co art. 217 do TRLRFL.

Segunda. - En virtude do principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento de outro, nace unha obrigaón ex lege, e a Administración ha de restituir o enriquecemento. Por tanto, o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 do RD 500/1990, que ven a dar resposta á situación administrativa que nos ocupa, preséntase como un instrumento de gasto para facer efectiva a liquidación prevista no apartado 1 do artigo 42 da LCSP, que trae causa da resolución dun expediente de revisión de oficio e a súa finalidade é evitar o enriquecemento inxusto da Administración, sen prexuízo, no seu caso, da existencia de responsabilidades.

A existencia do procedemento administrativo, neste caso de contratación e de execución orzamentaria, é una garantía de trato de igualdade aos provedores, e de eficiencia e transparencia na xestión pública do gasto, ademais dunha obriga legal.



Entidade Local Menor de Bembrive

Terceira. - Toda vez que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito supón imputar ao orzamento corrente gastos realizados sen contar coa consignación orzamentaria correspondente, a súa utilización debe aplicarse con carácter excepcional, correspondendo a competencia para a adopción do acordo á Xunta Veciñal da ELM de Bembrive.

Cuarta. - No expediente constan as facturas correspondentes, memoria da Alcaldesa-Pedánea no que se expón brevemente as causas que impediron a tramitación das facturas, así como as dilixencias das mesmas incorporadas nas facturas que conforman o expediente na que expresa a conformidade coas prestacións realizadas que se describen nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo.

Quinta. - Tendo en conta a situación descrita deben seguir adoptándose as medidas de xestión económica e orzamentarias precisas para evitar que se repita a circunstancia de ter facturas pendentes de aplicar, correspondentes a exercicios pechados para ser aprobadas no vindeiro ano. Así mesmo, deberán establecerse mecanismos de control do gasto no exercicio 2022 que garantan que este se execute previa comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e da correcta realización das previsións de ingresos, xa que un dos principios esenciais da xestión do gasto público é o da preceptiva existencia de crédito con anterioridade á súa realización. As obrigacións da facenda local nacen aínda que non exista dotación orzamentaria agora ben, para que sexan esixibles e se proceda ao seu pago, en condicións normais, debe existir a correspondente consignación orzamentaria.

Neste mesmo orde de ideas e tendo en conta actual coxuntura socio-económica é preciso advertir que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 7.2 dispón que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

Sexta. - Según os datos contidos na base de datos de contabilidade da Entidade, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de facturas de exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento.

Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL que establece a orde de prelación de pagos, de tal forma que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores que se atopan pendentes de pago e as que entraron con anterioridade no Rexistro desta Entidade, así como da LPAC 39/2015, que recollen a necesidade de tramitar os expedientes por riguroso orde cronolóxico de incoación dos mesmos, determinada, cando se trata de expedientes administrativos de gasto, pola data de presentación da factura no rexistro correspondente.

Sétima. - No orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica dos créditos establecido na Base 6ª de Execución dos orzamentos da Entidade Local Menor (Área de gasto / Capítulo) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas das actuacións que motivan o presente expediente, sen prexuízo das repercusións orzamentarias que poden resultar desta imputación.



Entidade Local Menor de Bembrive

Oitava. - Unha vez sexa, de ser o caso, adoptado o acordo polo órgano competente, remitirase á Intervención, procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.

Novena. - O presente informe constará e formará parte do informe que sobre a liquidación do orzamento do presente exercicio debe emitir a Intervención en aplicación do artigo 191.3 do TRLRFL e incorporárase, adicionalmente, ao expediente que sobre a Conta Xeral debe formar e redactar esta Intervención en aplicación do artigo 212.2 da normativa anteriormente citada.

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (da Sra. Alcaldesa e dos vocais, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Proposta da Alcaldía-Pedanía de aprobación da actuación para a restauración do impacto ocasionado polo uso dun circuito de descenso de bicicletas de montaña (BTT/MTB) no MUP nº 563 “San Cibrán, Aradas e outros”, expte 17/2022.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta de Alcaldía de data dezaioito de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido:

“ANTECEDENTES DE FEITO:

Vista a solicitude presentada nesta Entidade Local o 19 de Outubro do 2022 (E-RE-271) pola Xefatura Territorial de Pontevedra, servizo de montes da Consellería do Medio Rural, no que se pon de manifesto a necesidade de adoptar as medidas encamiñadas ao cese da actividade referenciada na marxe e definir os traballos de restauración do impacto ocasionado polo uso continuado do referido circuito e a que se achegan dous Orzamentos que ascenden a un importe total de 9.002,40 € (IVE incluído).

NECESIDADE E XUSTIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN:

A Dirección Xeral de Planificación de Ordenación Forestal, ao abeiro do Decreto 149/2018 do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, correspondelles o exercicio das competencias inherentes a política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.



Entidade Local Menor de Bembrive

Un compoñente esencial para a sustentabilidade forestal é a protección dos espazos forestais. Por iso, unha vez producido un dano nun bosque é necesario recuperar o seu potencial forestal e acondicionar as zonas afectadas para garantir a súa viabilidade e recuperar íntegramente as súas funcións económicas, sociais e medio ambientais.

O uso e paso continuado de bicicletas de montañas (BTT/MTB) ao longo dos últimos anos nunha zona do M.U.P próxima ao límite coa parroquia de Beade, foi creando unha especie de circuito non autorizado carecendo de calquera tipo de legalidade e creando un importante impacto negativo no monte.

O uso continuado deste circuito é unha causa de preocupación crecente tanto para esta Entidade Local como para a administración xestora do monte debido a erosión do monte, danos en infraestructuras viarias e, en definitiva, a seguridade pública que esta xerando a citada actividade.

PROPOSTA:

Esta proposta ten como obxeto definir os traballos de restauración do impacto ocasionado polo uso continuado dun circuito non autorizado de descenso extremo de bicicletas de montaña no monte de utilidade pública nº 563 “San Cibrán, Aradas e outros”, pertencente a E.L.M de Bembrive (Vigo).

Os traballos incluídos nesta proposta son:

- Eliminación dos efectos erosivos e restauración da morfoloxía dos terreos.*
- Desmontaxe de elementos de madeira colocados a modo de obstáculos.*
- Construción de empalizada de troncos para contención de talude.*
- Colocación de carteis de advertencia.*

Trátase dun percorrido duns 1.480 metros que, a excepción duns 105 m que pasan por terreos particulares, transcorre na súa totalidade polo M.U.P de Bembrive.

Os traballos citados anteriormente financiaranse con cargo ao Fondo de Melloras do M.U.P. 563 “San Cibrán, Aradas e outros”, a tenor do disposto no artigo 124 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia.

Polo tanto propoño á Xunta Veciñal:

- A aprobación de medidas oportunas encamiñadas ao cese desta actividade non autorizada e a restauración dos valores naturais do monte, loitar contra a erosión, acadar a estabilidade dos terreos, protección das infraestructuras de*



Entidade Local Menor de Bembrive

interese xeral e recuperar a funcionalidade propia do monte nos termos previstos na Memoria achegada polo Servizo de Montes de Pontevedra.

- Aprobación de Presupostos solicitados por ese Servizo para a execución da mesma.

Non obstante, a Xunta Veciñal decidirá o que estime oportuno.”

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (da Sra. Alcaldesa e dos vocais, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

4. Proposta de aprobación da II addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a “implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de Administración electrónica”, expte 68/2020.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta de Alcaldía de data vinte e tres de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, co seguinte contido:

“O día 20.09.2017, a Entidade Local Menor de Bembrive aprobou a proposta da Alcaldía de adhesión ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implementación do proxecto “servizo de administración electrónica para concellos e entidades locais”, que literalmente dicía:

“A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dispón, con carácter xeral, que os cidadáns non só teñen o dereito a relacionarse coa administración por medios telemáticos, senón que esta debe facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación dos obstáculos que limiten dito acceso.

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins xenéricos garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos e Entidades Locais da provincia, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.



Entidade Local Menor de Bembrive

A ELM de Bembrive solicitou a súa inclusión no proxecto de administración electrónica implantado de forma gratuita pola Deputación de Pontevedra, remitindo a Deputación o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de Administración Electrónica para Concellos e donde se inclúen as Entidades Locales Menores da provincia.

En consecuencia, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:

- *Primeiro: Aprobar o “Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos e Entidades Locales Menores da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do “Proxecto Servizo de Administración Electrónica para Concellos e Entidades Locales”, de conformidade ao establecido no borrador achegado e facultar ao Alcalde Pedáneo para a formalización do citado convenio.*
- *Segundo: Remitir certificado do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra.”*

En data 16 de xaneiro de 2023 recibíuse comunicación de interese (E-RE-00005) para aquelas entidades locais adheridas ao Convenio de colaboración entre esta Deputación e Entidades Locais para a “implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”, para ampliar a vixencia do convenio, cuxa duración remata o 10 de marzo de 2023. Todo elo de conformidade ao disposto no texto do citado documento achegado e que se atopa no expediente.

En consecuencia, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: A aprobación da II addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Entidade Local Menor de Bembrive (Vigo) para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo: Remitir unha copia da devandita aprobación ao servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra (a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra).

Terceiro: Facultar á Alcaldesa-Pedánea para a sinatura da II addenda.

Non obstante a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

Non se producen intervencións.



Entidade Local Menor de Bembrive

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos membros presentes (da Sra. Alcaldesa e dos vocais, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

5. Resolucions da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucions adoptadas pola mesma dende a convocatoria da última sesión ordinaria celebrada o 27.10.2022 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

- 099 26.10.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 8 xustif. de gasto, nº 37/2022** (servizos e subministrados), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 1.790,11 €.**
- 100 02.11.2022 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de **outubro, por 7.536,44 €** (impte. neto).
- 101 22.11.2022 **Autorización para a realización da actividade deportiva de ciclismo** “Trail do Eifonso 2022” o día 4 de decembro de 2022 no tramo que transcurre por vías do Monte Público da titularidade da ELM de Bembrive.
- 102 30.11.2022 **Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal para o 01.12.2022** (2 asuntos).
- 103 13.12.2022 **Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal para o 14.12.2022** (2 asuntos).
- 104 15.12.2022 Incoación expte para a aprobación da convocatoria e das bases reitoras do proceso selectivo destinado á execución da OEP da ELM de Bembrive de 2022 (1 praza estrutural do proceso de estabilización de emprego temporal).
- 105 20.12.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en setembro 2022**, por impte. bruto total de **1.350,00 €.**
- 106 20.12.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en outubro 2022**, por impte. bruto total de **1.350,00 €.**



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

- 107 21.12.2022 Autorización, compromiso do gasto, recoñecemento da obriga e orde do pago **relación dun xustificante de gasto, nº 34/2022** (servizo de AOS abogados, por asesoramento xurídico xeral), **por imp. bruto de 2.964,50 € (levantamento de reparo suspensivo** de Intervención na sesión ordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 27 de outubro de 2022).
- 108 21.12.2022 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** do persoal laboral, funcionario e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación, relativas ao mes de **novembro, por 7.536,44 €** (impte. neto).
- 109 22.12.2022 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago dos atrasos nas nóminas** de xaneiro a novembro de 2022 (ambos incluídos) do persoal laboral e funcionario, correspondentes ao incremento adicional do 1,5 % (art. 23 do RD Lei 18/2022, de 18 de outubro), **por importe total conxunto de 830,30 €** (impte. neto).
- 110 23.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 9 xustificantes de gasto, nº 39/2022** (subministros e servizos), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 3.735,54 €**.
- 111 23.12.2022 **Aprobar relación de 2 xustificantes de gasto, nº 38/2022** (servizos prestados polo Ateneo Musical de Bembridge), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 3.000 €**.
- 112 23.12.2022 Aprobación das Bases xerais e específicas reguladoras do proceso de estabilización do persoal da ELM de Bembridge.
- 113 26.12.2022 Autorización, compromiso do gasto, recoñecemento da obriga e orde do pago **relación de 2 xustificantes de gasto, nº 16/2022** (2 subministros), **por imp. bruto de 1.148,79 € (levantamento de reparo suspensivo** de Intervención na sesión ordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 26.05.2022).
- 114 26.12.2022 Autorización, compromiso do gasto, recoñecemento da obriga e **orde do pago á Deputación Provincial de Pontevedra da taxa** correspondente ao anuncio das Bases e convocatoria Estabilización para Admvo, por **importe de 37,20 €**.
- 115 26.12.2022 Autorización, compromiso do gasto, recoñecemento da obriga e orde do pago **relación dun xustificante de gasto, nº 29/2022** (1 obra), **por imp. bruto de 3.352 € (levantamento de reparo suspensivo** de Intervención na sesión ordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 29 de setembro de 2022).
- 116 26.12.2022 **Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente da Xunta Veciñal para o 27.12.2022** (3 asuntos).



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

- 117 27.12.2022 **Aprobar relación de 4 xustificantes de gasto, nº 43/2022** (obras), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 6.693,72 €.**
- 118 28.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 31 xustif. de gasto, nº 40/2022** (servizos e subministrados), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 5.758,57 €.**
- 119 28.12.2022 Autorización, compromiso do gasto, recoñecemento da abriga e orde do pago **relación dun xustif de gasto, nº 41/2022** (servizo de asistencia técnica en contabilidade), **por imp. bruto de 3.630 € (levantamento de reparo suspensivo** de Intervención na sesión ordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 27 de decembro de 2022).
- 120 28.12.2022 Prestar conformidade á conta xustificativa do Expte “*Pagos a Xustificar núm. 1/2022*” para a XXIV edición da Festa da Sidra do ano 2022 máis o réintegro, por importe total de 5.500 € (Listado de Operacións 2022 35).
- 121 28.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 6 xustif. de gasto, nº 42/2022** (obras), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 12.021,35 €.**
- 122 30.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 2 xustif. de gasto, nº 44/2022** (servizo da Mancom. de Montes de Vigo por roza e limpeza de pistas forestais), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 16.087,50 €.**
- 123 30.12.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a tres sesións da Xunta Veciñal en decembro 2022**, por impte. bruto total de **3.150,00 €** (2 Corporativos con dereito de cobro por asistencia a 2 sesións e 1 Corporativo con dereito de cobro por asistencia a 3 sesións, de conformidade ao acordado pola Xunta Veciñal do 12.08.2019).
- 124 30.12.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 Asociacións pola participación no XXIII Certame de Rondallas en 2022**, por impte. bruto total de **2.250,00 €.**
- 125 30.12.2022 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 6 beneficiarios por “Premios concurso sidra XXIV F. sidra 2022”**, por impte. bruto total de **240 €.**
- 126 30.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 12 xustif. de gasto, nº 45/2022**



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

(submistros), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 3.978,64 €**.

- 127 30.12.2022 **Prorrogar para o exercicio de 2023 o orzamento xeral do ano 2014**, agás subvencións nominativas, cun estado de ingresos de 642.000 € e un estado de gastos de 630.000 €.
- 128 30.12.2022 **Concesión de subvencións directas a 3 Asociacións, por importe total de 5.300 € e desestimación a 2 Asociacións, expte 37/2022.**
- 129 31.12.2022 **Aprobación da xustificación das subvencións condedidas** a favor de 3 beneficiarios (Asociacións), **recoñecemento da obriga e orde de pago** por un **importe total** conxunto de **3.800 €**.
- 130 31.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. **e aprobar relación de 8 xustif. de gasto, nº 47/2022** (servizos e submistros), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 4.631,60 €**.
- 131 31.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. **e aprobar relación de 13 xustif. de gasto, nº 48/2022** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 5.307,91 €**.
- 132 31.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. **e aprobar relación de 8 xustif. de gasto, nº 46/2022** (servizos e obras), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 5.758,13 €**.
- 133 31.12.2022 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. **e aprobar relación de 14 xustif. de gasto, nº 49/2022** (servizos e subministros), e orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 5.274,58 €**.
- 134 31.12.2022 **Aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 50/2022** (servizo prestado polo Ateneo Musical de Bembridge), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.500 €**.
-
- 001 02.01.2023 **Aprobación de gratificacións extraordinarias e complementos de produtividade dos traballadores** da ELM de Bembridge correspondentes ao ano 2022, **por impte. bruto de 1.000 e de 2.200 € respectivamente**.
- 002 02.01.2023 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas** dos traballadores desta Entidade e do membro da Xunta Veciñal con dedicación exclusiva do mes de **decembro, incluídos complementos produtividade e gratif. extra, por 8.862,66 €** (impte. neto).



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

- 003 02.01.2023 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos traballadores e do membro da **Xunta Veciñal con dedicación** correspondentes ás **pagas extraordinarias de decembro, por 6.660,82 €** (impte. neto).
- 004 03.01.2023 **Adxudicación de contrato menor** de servizos e subministros para a Cabalgata de Reis, por impte. total de **8.206 €**.
- 005 03.01.2023 **Adxudicación de contrato menor** de servizos a Mancomunidade de Montes de Vigo, por impte. total de **14.850 €**.
- 006 18.01.2023 **Presentación de alegacións ante a APLU no expte de reposición da legalidade urbanística** por colocación de postes de subministro eléctrico no Camiño dos Freires de Arriba.
- 007 20.01.2023 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago da nómina** do membro da **Xunta Veciñal con dedicación** parcial correspondente á **paga extraordinaria de decembro, por 932,64 €** (impte. neto).
- 008 23.01.2023 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 26.01.2023** (6 asuntos).

6. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:47 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcadesa Pedánea,

Asdo. Patricia Otero Carrera



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis